

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: Corrección bolsa emprego auxiliar administrativa/o

EXPEDIENTE: 2023/G003/000520

A Resolución da Alcaldía nº 424/2023, de 5 de abril, aprobou a creación da bolsa de emprego temporal de auxiliar administrativa/o, resultante do proceso selectivo celebrado ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

Con data 12 de abril de 2023, Lorena Gómez Roo presenta unha solicitude nº de Rexistro 202399900001051, na que tras manifestar que: “obsérvase na listaxe de agarda que a puntuación da candidata número 6 non está correctamente sumada...”, interesa “se emende o erro detectado e se me sitúe no posto axeitado na dita lista...”

O tribunal cualificador na súa sesión do 14 de abril, e tras a revisión dos expedientes, comprobou que existiu un erro material na transcripción da puntuación acadada por outra aspirante, María Belén Souto Fidalgo, quen figuraba no posto cinco (e non no seis como facía constar Lorena Gómez Roo) da bolsa de emprego, sendo que

ONDE DI

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional	Formación específica	Total
5	SOUTO FIDALGO	MARÍA BELÉN	***0160**	23,80	30	62,80

DEBE DICIR

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional	Formación específica	Total
5	SOUTO FIDALGO	MARÍA BELÉN	***0160**	32,80	30	62,80

Considerando que o tribunal fai constar na acta que, unha vez corrixido o devandito erro, as puntuacións da bolsa de traballo non varían, xa que a puntuación total acadada polas persoas aspirantes foi correctamente transcrita, e acorda corrixir o erro detectado ao abeiro do previsto no artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vista a acta da sesión do tribunal de data 14 de abril de 2023.

Visto o informe da técnica de Recursos Humanos de data 20 de abril de 2023.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No uso das facultades que me confire o artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir os erros materiais da Resolución da Alcaldía nº 424/2023, de 5 de abril, e, en consecuencia, a bolsa de emprego temporal de auxiliar administrativa/o, resultante do proceso selectivo celebrado ao abeiro do previsto nas Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro. queda como segue:

DATOS				PUNTUACIÓN		
Nº	APELIDOS	NOME	DNI / NIE	Experiencia profesional	Formación específica	Total
1	VIQUEIRA POMBO	MARIA TERESA	***8032**	70	30	100,00
2	BLÁZQUEZ LÓPEZ	SARA	***3182**	70	30	100,00
3	PEQUEÑO RIOBÓ	ANA MARÍA	***1048**	70	30	100,00
4	MERA CARREIRA	MARIA ELENA	***6970**	50,12	30	80,12

5	SOUTO FIDALGO	MARÍA BELÉN	***0160**	32,80	30	62,80
6	GOMEZ ROO	LORENA	***3332**	31,36	30	61,36
7	FOJO LÓPEZ	GLORIA MARIA	***0680**	22,10	30	52,10
8	PARDO HERMIDA	MARIA DEL CARMEN	***0771**	20,58	30	50,58
9	VÁZQUEZ PAIS	ANA MARÍA	***6850**	18,62	30	48,62
10	VALIÑA RIAL	LIDIA	***6732**	16,17	30	46,17
11	LACARRA CANTULLERA	YOLANDA	***5710**	10,29	30	40,29
12	LEMA AMADO	NOELIA MARIA	***5112**	6,86	30	36,86
13	IGLESIAS MARQUES	BÁRBARA	***6021**	0	30	30,00
14	PENERBOSA FERREIRO	ALBA	***6250**	0	30	30,00
15	RODRÍGUEZ VÁZQUEZ	MIGUEL	***2211**	0	0	0,00

Segundo.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

O alcalde,
Rafael C. Sisto Edreira

A secretaria xeral, que dou fe
Virginia Fraga Díaz